## 1900 -1904

A Azucreira de Portas describe un perfil cun gran sinal de identidade: a súa cheminea. Para poder entender a causa que influíu na súa instalación en Portas é fundamental referirse ó feito histórico de que no ano 1898 España perdía as súas últimas colonias en Ultramar, entre elas Cuba e Porto Rico, que se encargaban de abastecer de azucre a todo o país.
Por este motivo varios empresarios viron na produción de azucre de remolacha unha oportunidade de negocio. Pretendíase substituír o azucre de cana polo de remolacha azucreira. Neste contexto nace a fábrica de azucre de Portas. En febreiro de 1899 constitúese a "Sociedade azucreira galega" na provincia da Coruña, promotora da devandita factoría. Ó pouco tempo inícianse os traballos de construción. A maquinaria tróuxose directamente dende Alemaña, construíndose para o seu transporte un ramal de ferrocarril que chegaba ata a propia fábrica. Iniciouse unha campaña propagandística para estender o cultivo da planta; gratificábase ós que se comprometesen a plantala e subministrábanselles as sementes e os abonos minerais necesarios; pero os labregos amosábanse receosos debido á crenza de que queimaba os terreos. A fábrica comezou a ter serias dificultades de subsistencia, non só polo desinterese dos labregos senón porque tamén se abriron tal cantidade de empresas por toda España que o mercado non daba abasto. No ano 1904 péchase definitivamente.



Remolacha azucreira
*Remolacha azucarera*
*Sugar beet*

*La Azucreira de Portas describe un perfil con una gran señal de identidad: su chimenea. Para poder entender la causa que influyó en su instalación en Portas es fundamental referirse al hecho histórico de que en el año 1898 España perdía sus últimas colonias en Ultramar, entre ellas Cuba y Puerto Rico, que se encargaban de abastecer de azúcar a todo el país.*
*Por este motivo varios empresarios vieron en la producción de azúcar de remolacha una oportunidad de negocio. Se pretendía sustituir el azúcar de caña por el de remolacha azucarera. En este contexto nace la fábrica de azúcar de Portas. En febrero de 1899 se constituye la "Sociedade azucreira galega" en la provincia de A Coruña, promotora de dicha factoría. Al poco tiempo se inician los trabajos de construcción. La maquinaria se trajo directamente desde Alemania, construyéndose para su transporte un ramal de ferrocarril que llegaba hasta la propia fábrica. Se inició una campaña propagandística para extender el cultivo de la planta; se gratificaba a los que se comprometiesen a plantarla y se les suministraban las semillas y los abonos minerales necesarios; pero los labradores se mostraban recelosos debido a la creencia de que quemaba los terrenos. La fábrica empezó a tener serias dificultades de subsistencia, no sólo debido al desinterés de los labradores sino porque se abrieron tal cantidad de empresas por toda España que el mercado no daba abasto. En el año 1904 se cierra definitivamente.*

*"A Azucreira" in Portas still displays an imposing profile with its singular mark of identity: the chimney. If we want to understand why a factory of this nature came to be built in Portas we have to remember the final loss of Spain's overseas colonies in 1898, when Cuba and Puerto Rico, which had supplied the whole country with sugar, gained their independence.*
*This disruption of supply led a group of entrepreneurs to envisage the opportunity for new business, replacing imported cane sugar with sugar refined from home-grown sugar beet. The result was the construction of the sugar factory in Portas, with work starting shortly after the constitution of the "Galician Sugar Company", with registered address in the province of A Coruña, in February 1899. The machinery was brought directly from Germany, a branch railway being built specifically to deliver it to the site of the factory. A major campaign was launched to promote the cultivation of sugar beet, with seed and mineral fertilisers being offered at subsidised prices to all those who undertook to plant it. Local farmers, however, were not at all keen on the idea because they thought it would impoverish the soil in their fields. This lack of interest on the part of the local population was not the only reason behind the serious difficulties that the company soon had to face, since the opening of similar factories on a massive scale throughout Spain flooded the market, and the factory finally closed down for good in 1904.*



A.D.R. Ulla e Umia · ULLAUMIA · LEADER+ · MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO · XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL · medio rural · agader